

# Memoria Proxecto “O NOSO LAGARES”

Proxecto ao abeiro dos Plan Proxecta+  
Programa: 20. Proxecto Ríos

---

IES POLITÉCNICO (VIGO)  
CURSO 2023-2024



## **1. Introducción**

### **Breve resumo do proxecto realizado**

O IES Politécnico impulsou, coordinou e organizou o Proxecto O Noso Lagares o curso 2023-2024, co obxectivo da creación dun proceso de participación da Comunidade Escolar no coñecemento, conservación e posta en valor do río Lagares, principal curso de auga doce do Concello de Vigo; involucrando tamén o noso centro no Proxecto Ríos, programa de educación e voluntariado ambiental promovido por Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e impulsado e coordinado por ADEGA.

A urxente necesidade de preservar os espazos naturais e de poñer en valor o patrimonio cultural relacionado, converte este proxecto nun exercicio marabilloso de concienciación e coñecemento para o noso alumnado máis novo; polo que, neste curso 2023-2024, esta acción educativa estará vencellada ás materias de Lingua galega, Bioloxía e Proxecto Competencial dos dous grupos de 1º ESO do noso centro; e mais a dous grupos de 1º BACH, nas súas materias de Lingua Galega e Filosofía. O número de departamentos enrolados neste proxecto son 4 (Bioloxía, Lingua Galega, Filosofía e o EDLG), cun total de 6 docentes implicados.

Xa que logo, este proxecto desenvolveuse a través de aulas maxistras, visualización de vídeos formativos, traballos de aula, realización de podcasts na emisora do centro e, sobre todo, a través de dúas saídas formativas; tentando proporcionar as ferramentas básicas que garantan a aprendizaxe significativa e a participación activa e colaborativa do alumnado. Ademais, este proceso estivo acompañado por diferentes persoas traballadoras e coñecedoras da contorna fluvial, coma Paco Bañobre (ADEGA); do activismo cultural, coma Xosé Couñago; ou da nosa tradición oral, coma o profesorado do centro especializado no tema.

## **2. Obxectivos: Grao de consecución dos obxectivos**

### **a) Obxectivos específicos**

- Promover o coñecemento dos cursos de auga doce en Galicia, e a flora e fauna do bosque de ribeira e poñer en valor o patrimonio cultural, tanto material coma inmaterial, que se estende ao longo da ribeira do río Lagares (CONSEGUIDO)

Obxectivo acadado con creces, pois durante as dúas saídas formativas o alumnado percorreu un tramo considerable do río Lagares, recoñecendo a fauna e a flora do bosque de ribeira galego, e tamén parte do patrimonio material e inmaterial asociado aos ríos galegos.

- Realizar dúas saídas formativas durante o curso, unha á zona alta do río e outra á zona baixa, nas que tamén se recollan datos relativos a especies de plantas e de animais (vertebrados/invertebrados) e nas que se actualice o estado dos elementos patrimoniais relacionados e se realice unha acción de limpeza nos tramos escollidos (CONSEGUIDO)

Nunha das saídas realizadas, unha das probas do xogo creado para a ocasión foi retirar cinco pezas de lixo da zona fluvial (plásticos, etc). Finalmente, cada equipo retirou unha media de dous quilos de lixo na saída; resultando un total de dez/quince quilos de lixo retirado. Ademais, durante as saídas recolléronse datos relativos a especies de fauna e de flora, tanto autóctona como foránea invasora.

- Empregar a radio escolar como elemento central do proxecto, no que o alumnado se exprese en lingua galega dunha maneira cotiá. (CONSEGUIDO)

A radio escolar funcionou para o *Proxecto O Noso Lagares* coa emisión de dous programas, nos que se fixo un percorrido polos diferentes puntos da ruta, incidindo nas especies vexetais e animais atopadas, e denunciando a proliferación de especies invasoras e de agresións no río. Ademais, este programa supuxo un traballo colaborativo durante as tres avaliacións entre os diferentes cursos implicados, que frutificou coa emisión dos mesmos en decembro de 2023 e en maio de 2024.

- Elaborar proxectos documentais e gráficos do proxecto. (CONSEGUIDO PARCIALMENTE)

Ao final do proxecto realizouse un vídeo resumo das saídas, acompañado de diferentes músicas de grupos galegos, que amablemente nos permitiron o seu uso; entre os que están o grupo vigués de música tradicional “Os Carunchos”, ou as pandeireteiras “Tanxugueiras”.

- Elaborar dous mapas (Google Maps – Google Earth), cun total de 51 puntos relacionados co patrimonio cultural material ao longo do río Lagares, desde o seu nacemento ata a súa desembocadura, no que se actualice o estado de cada un deses lugares cunha fotografía actual e unha descrición dos mesmos. (CONSEGUIDO)
- Identificar a lingua galega cunha actividade de coñecemento do medio, de vida saudable e de activismo social. (CONSEGUIDO)

O alumnado participante identificou todo este proxecto coa lingua galega, pos foi na que se tivo que expresar, escrita ou oralmente, á hora de realizar os traballos asociados ao mesmo. Ademais, as persoas colaboradoras durante as saídas expresáronse en todo momento en lingua galega, polo que favoreceu o coñecemento do léxico asociado ao río no noso idioma; non só para o alumnado local, senón tamén, e sobre todo, para parte do alumnado participante no proxecto de procedencia estranxeira.

- Transmitir actitudes, motivacións e estímulos que favorezan a observación filosófica a través do sendeirismo (CONSEGUIDO)

Obxectivo acadado amplamente durante as saídas ao río.

- Colaborar con movementos de activismo cultural que fomenten a participación social desde a base (CONSEGUIDO)

Durante as saídas contamos coa colaboración de persoas relacionadas con distintos movementos asociacionistas, como Paco Bañobre, membro da asociación Ecoloxista ADEGA; ou Xosé Couñago, profesor, divulgador e activista, creador da web [patrimoniodevigo.com](http://patrimoniodevigo.com).

## **b) Obxectivos directamente relacionados co proceso de ensino e aprendizaxe**

- O desenvolvemento de habilidades e competencias comunicativas orais e lingüísticas. (CONSEGUIDO)

Obxectivo acadado a través das saídas e das actividades realizadas polo profesorado na aula.

- A participación directa por parte do alumnado no deseño dun proxecto de produción de novos valores e novos comportamentos, co obxectivo de crear unha mudanza social para valorar, coidar e poñer en valor os nosos cursos de auga doce. (CONSEGUIDO)

Obxectivo acadado amplamente durante as saídas ao río.

- A xestión directa do proceso de comunicación en varios campos: redes sociais, prensa convencional, prensa dixital, radio e televisión. (PARCIALMENTE CONSEGUIDO)

Este proxecto xestionouse e divulgouse a través de diferentes medios, pois, por unha parte, xestionouse a través de medios dixitais como o Blog de Actividades de Lingua Galega aloxado na web institucional do centro, ou como .... Por outra parte, conseguiuase amplamente a divulgación deste proxecto a través da prensa local, tanto en formato convencional coma dixital. A única eiva neste punto foi a divulgación do proxecto en televisión, pois non foi acadado.

- A elaboración de textos adecuados a diferentes necesidades comunicativas do proxecto: presentación do proxecto, dinamización de roteiros, entrevistas a axentes implicad@s, creación de programas de radio-activista, creación de notas de prensa, creación de vídeo-activismo, creación de literatura oral actualizada, etc. . (PARCIALMENTE CONSEGUIDO)

Desde a coordinación do proxecto traballouse arreo na creación de material de todo tipo para o mesmo, como a elaboración do roteiro, dos folletos de saída, do herbario, de documentos para a prensa... O alumnado participou na creación de textos como presentacións, informes, herbarios, creación de literatura oral actualizada ou na elaboración de dous programas de radio. Porén, por falta de tempo, quedaron algúns obxectivos sen acadar, como o de realizar un documental activista.

- O fomento do traballo en grupo, a través de dinámicas colaborativas dentro do noso instituto e con outros axentes educativos e sociais. (CONSEGUIDO)

Obxectivo acadado amplamente durante as saídas ao río, especialmente entre o alumnado durante o xogo da descuberta, no que tiveron que traballar por equipos cun obxectivo común. Este traballo cooperativo estendeuse ao desenvolvemento do proxecto, que colaborou con diferentes persoas e asociacións (Radio Piratona, ADEGA) para a súa realización.

### 3. Organización: Descripción das actividades realizadas. Ligazóns ás evidencias gráficas e/ou documentais do traballo realizado.

#### a) Actividades iniciais

##### ➤ *Reunión coordinación. Comunicación entre o equipo e programación das actividades*

Durante o primeiro trimestre do curso realizáronse diferentes traballos previos de coordinación e de comunicación entre os axentes participantes no proxecto. En primeiro lugar realizouse unha reunión co profesorado implicado, na que o coordinador trasladou os obxectivos e as actividades previstas no proxecto, que terían como puntos fortes a creación de dous mapas con [51 puntos de interese cos que traballaría o alumnado](#) durante o curso, e mais as dúas saídas ao río. Ademais sentáronse as bases do proceso comunicativo interno, que se desenvolveu mediante mensaxería electrónica e coa creación dun grupo de *whatsapp*.

##### ➤ *Logo e apertura de redes sociais*

Durante a primeira avaliación producíronse as primeiras actuacións, coa creación do [logo do proxecto](#) e coa posta en marcha de ferramentas en rede, como a [páxina de Ivoox](#).

##### ➤ *Creación dos mapas de Google Maps e Google Earth*

Un dos puntos fortes do proxecto foi a creación de dous mapas en Google Maps e Google Earth, cos 51 puntos seleccionados arredor do río Lagares, e nos que traballou o alumnado durante todo o curso. O obxectivo final foi o de actualizar cada un deses 51 puntos de interese engadindo unha fotografía actual, o seu estado e unha lenda relacionada.

**Mapa de Google Maps** – O Noso Lagares: [O Noso Lagares - Maps](#)

**mapa de Google Earth** – O Noso Lagares: [O Noso Lagares - Earth](#)

##### ➤ *Creación de material para a ruta*

Para a preparación previa desta ruta e para o traballo do alumnado durante a súa realización, desde a coordinación do proxecto creouse diferente material que detallamos a continuación

- Creación dos folletos

Para cada unha das saídas do proxecto creouse un [folleto informativo](#) para o alumnado, que foi transmitido polo coordinador ao alumnado, persoal colaborador e profesorado ao comezo das mesmas. Nel pódense ver as características da ruta, os puntos de parada obrigatoria e algunhas información sobre o río Lagares e os lugares da visita.

- Creación do herbario

Especialmente creado para os grupos da ESO, en cada unha das saídas algúns membros dos equipos nos que se dividiu o alumnado participante tiveron que completar un [pequeno herbario de especies de flora autóctona e invasora](#). A actividade foi moi ben recibida polo alumnado, que aprendeu xogando, e completou case todas as especies presentes no tramo do río seleccionado.

## b) Saídas ao río

As saídas realizadas programáronse para os días **11 de abril** (zona alta do río 1º ESO A), e **12 de abril** (zona media/baixa do río 1º ESO B + 1º BACH C+B).

### ➤ 1ª saída ao río

[Na primeira saída realizada o 11 de abril](#), o alumnado participante recoñeceu elementos naturais e patrimoniais do río, realizou cadanseu herbario coas especies da flora (autóctona/invasora) da zona; e tamén descubriu os invertebrados do río grazas á axuda de Paco Bañobre (ADEGA). Nesta saída realizáronse diferentes actividades, coas seguintes paradas:

9.00h Saída do Politécnico en Bus  
9.15h Lagoa Mol (Peinador)  
10.00h Mámoas Cotogrande (en Bus desde Lagoa Mol)  
10.30h. Paseo Ponte Cabral (en Bus desde Cotogrande)  
13.00h. Ponte Medieval Sárdoma - Pazo Caracola (en Bus desde rúa Manuel Álvarez)  
14.15h. de volta no IES Politécnico

Na zona do paseo do Lagares de Ponte Cabral, de gran valor natural pola súa riqueza no bosque de ribeira autóctono, realizáronse as seguintes actividades:

- Recoñecemento da flora e fauna do bosque de ribeira do tramo (30-45 min)
- Actividade de recoñecemento de macroinvertebrados (1h – 1.30h)

Cartel promocional: [Cartel 1ª saída](#)

Folleto Saída: [Folleto 1ª saída](#)

### ➤ 2ª saída ao río

[Na 2ª saída realizada o 12 de abril](#), os grupos de 1º ESO B e 1º BACH B+C puideron achegarse a elementos naturais e patrimoniais da zona media/baixa do río; acompañados polo profesor, divulgador e filólogo Xosé Couñago, que guiou o alumnado coas súas explicacións durante a xornada. Nesta saída realizáronse diferentes actividades, coas seguintes paradas:

9.30h Saída do Politécnico en Bus  
9.15h Zona de Castrelos (rápidos – lavadoiros - fontes – pombal – pazos - Ponte Medieval)  
12:30h. Zona Balaídos – Caramuxo (campo de Fútbol – murais- esculturas Camilo Nogueira)  
14.15h. de volta no IES Politécnico

Cartel: [Cartel 2ª saída](#)

Folleto Saída: [Folleto 2ª saída](#)

## c) Actividades desenvolvidas polos departamentos participantes no proxecto

### ➤ **Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais**

Desde o Departamento de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais traballáronse contidos relacionados coa flora e a fauna dos ríos galegos, centrándose en conceptos como biodiversidade e as especies invasoras. Os encargados de transmitir estes contidos a través de aulas maxistras na aula foron a profesora María e o profesor Xoán, que traballaron co alumnado de 1 ESO A e B. A seguir, mostramos un breve resumo feito polos profesores encargados de traballar cos anteditos contidos.

#### **MARÍA VICTORIA VILLAR FREIRE (1º ESO B)**

##### *DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE*

*Durante este curso académico 2023-2024 nos dedicamos ao estudado curso baixo do río Lagares, de tal maneira que a cada alumno/a se lle adxudicou un punto de interese sobre o que tiveron que investigar, recoller información e elaborar un documento de texto no que figurara o máis destacado do lugar e imaxe/s que completasen á explicacións. Tamén gravaron e enviaron audios dos seus documentos. Posteriormente e en grupos de 4-5 persoas elaboraron un PowerPoint resumo do tramo do río correspondente e o expuxeron para toda a clase. Na segunda avaliación estudamos a flora e a fauna representativa da zona do río a estudar, facendo fincapé nas especies autóctonas e invasoras. O alumnado elixiu un animal e unha planta e elaboraron un documento de texto coa información máis relevante destes seres vivos. Ao principio da terceira avaliación fíxose unha saída coa colaboración do grupo ecoloxista ADEGA na que o alumnado puido comprobar “in situ” o tramo do río estudado. Por último o alumnado escribiu unha lenda relacionada co seu punto do río ou ben doutro río coñecido, incluso houbo alumnado que inventou a lenda. Estes escritos foron acompañada dunha imaxe ou debuxo.*

##### *CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN*

*Tanto os traballos escritos, presentacións e exposicións orais se valoraron seguindo uns ítems recollidos en rúbricas. Estas notas, xunto coa participación en clase, comportamento na aula e durante as actividades desenvolvidas serviron para avaliar ao alumnado na materia de Proxecto Competencial.*

##### *VALORACIÓN*

*Este proxecto axuda ao coñecemento do alumnado do seu entorno máis próximo, poñendo en valor a importancia de mantelo e coidalo.*

*Destacar que o perfil do alumnado deste grupo de 1º da ESO non axudou moito no desenvolvemento das actividades propostas, entre as dificultades atopadas destacan as seguintes:*

- Poucos ou escasos recursos dixitais para poder traballar con todo o alumnado na aula, a maioría do traballo o tiveron que desenvolver en casa.*
- Diferentes niveis de competencia dixital.*
- Desidia e desinterese xeneralizado por levar a cabo calquera tipo de actividade, a excepción dun pequeno porcentaxe de alumnos/as que si traballaron na casa e na aula de maneira axeitada.*

## XOÁN XOSÉ SANTOS COSTA (1º ESO A)

*Modo de traballo:*

*O alumnado ten de saber relacionar o que supón a influencia da súa vida diaria e hábitos de consumo inflúe nos problemas ambientais. A actividade resultou na realización dunha serie de tarefas de pesquisa na rede e realización de presentacións on-line. Estas presentacións, polo xeral, foron expostas diante das compañeiras da aula. Para completar os traballos pediuse a realización dun cartaz que concienciase as compañeiras sobre determinados temas. Os traballos realizados foron:*

- *[A pegada ecolóxica](#) definición e importancia. Cálculo da túa pegada ecolóxica e a súa valoración. [Este traballo](#) non foi exposto oralmente.*
- *Hábitos medioambientais, persoais e no centro educativo. Melloras nos nosos hábitos e dos hábitos do noso centro. Cartaz informativo sobre medidas para mellorarmos (diminuírmolos) a nosa pegada ecolóxica.*
- *[Animais endémicos](#), elixe un animal e investiga sobre el. Como podemos protexelo? Anima os compañeiros a protexelo a elaborando dun cartaz.*
- *Incendios forestais: como se producen? que efectos negativos teñen para o ambiente? Cartaz para concienciar contra os incendios.*
- *[Polución atmosférica](#), elixe un tipo de contaminación atmosférica:*
  - *Describir como se produce*
  - *Efectos no ser humano*
  - *Formas evitar ese impacto ou reduci-lo.*
- *Sobre o coñecemento dos ecosistemas:*
  - *Ecosistemas peninsulares, describe e localiza o bosque temperado e o bosque mediterráneo.*
  - *Grandes biomas terrestres, describir eses grandes biomas e os riscos asociados*
  - *Coñece as túas proximidades, describe a importancia dunha zona protexida próxima e analiza as súas ameazas.*
- *O noso Lagares, nesa actividade cal traballouse o coñecemento do medio fluvial próximo, neste caso o curso alto e medio do Lagares à altura:*
  - *Do seu nacemento na zona de Peinador, nacemento e lagoa Mol*
  - *O seu paso barrio de Cabral*
  - *Nesta actividade fomos acompañados por membros da asociación ecoloxista ADEGA, nela traballáronse estes puntos:*
    - *Identificación de especies vexetais autóctonas e invasoras*
    - *Importancia do bosque de ribeira ou galería, problemas da súa degradación*
    - *Identificación de especies de macroinvertebrados fluviais e como e poden usar para determinar a calidade ambiental dese tramo fluvial.*

### ➤ **Lingua e Literatura Galega**

Desde o Departamento de Lingua e Literatura galega traballáronse contidos relacionados co coñecemento do patrimonio cultural, coa aprendizaxe de léxico, coa creación de textos, a toponimia ou a tradición oral, centrándose en conceptos como o léxico da fauna e da flora do bosque de ribeira ou na rica tradición oral vencellada ao patrimonio inmaterial asociado aos cursos fluviais. Os encargados de transmitir estes contidos a través de aulas maxistras na aula foron o profesor Henrique Salvador Estévez Hernández, que traballou co alumnado de 1º ESO e 1º BACH; e o profesor Daniel Barbero Patiño, que tamén traballou co alumnado de 1º ESO. A seguir, mostramos un breve resumo feito polos anteditos profesores encargados de traballar os contidos referidos anteriormente.



## Henrique Salvador Estévez Hernández (1º ESO A, 1º BACH B+ C)

Nas aulas de Lingua galega de 1º ESO A, traballouse inicialmente co patrimonio etnográfico relacionado co río, como lavadoiros ou muíños, valéndonos de diferentes materiais distribuídos polo profesor e visualizados en diferentes sitios de Internet. A seguir, achegámonos ao coñecemento do léxico da flora e da fauna do bosque de ribeira galego. En sesións posteriores, reparamos no patrimonio inmaterial, achegándonos ás lendas e cantigas asociadas ao río e os seus elementos patrimoniais, valéndonos tamén de diferentes materiais. Alén da aprendizaxe que supuxo a xornada en si, durante a saída ao río o alumnado participou na realización dun herbario coas plantas autóctonas e invasoras; no xogo da descuberta e nunha limpeza de río. Posteriormente, o alumnado realizou un informe sobre o estado do río, que foi empregado no programa de radio final do proxecto. Ademais, o alumnado deste grupo participou no coñecemento e creación de [lendas e contos maravillosos para cada un dos puntos](#) seleccionados no mapa e na gravación dos audios para os programas de radio do proxecto.

**Obxectivos:** coñecemento e recoñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado co río, coñecemento e recoñecemento da fauna e flora do bosque de ribeira galego, ampliación de léxico galego, coñecemento da tradición oral do río, traballo en equipo

**Avaliación:** esta actividade foi avaliada da seguinte maneira:

En Lingua Galega: cun 1 punto (máximo), como traballo da 3ª avaliación; desglosándose da seguinte maneira:

- ata 0.5 puntos, polo traballo realizado durante a saída (actitude, atención, traballo coas fichas e o herbario, traballo no xogo da descuberta)
- ata 0.5 puntos, nunha presentación conxunta realizada por cada un dos equipos nos que se dividiu o grupo para o xogo da descuberta.

En Proxecto Competencial:

Na materia de Proxecto Competencial, durante a 1ª avaliación o traballo estivo relacionado co patrimonio cultural material, investigando sobre cada un dos [26 puntos escollidos](#) ao longo da ribeira do Lagares; e [realizando un podcast](#) na emisora do centro. Na 2ª avaliación, o alumnado investigou sobre as [especies de flora e de fauna autóctonas e invasoras](#), facendo fincapé nestas últimas e concienciando na súa eliminación. Na 3ª avaliación realizouse a saída ao río, na que o alumnado estivo guiado por Paco Bañobre poñendo en práctica o aprendido e coñecendo novos datos sobre a contorna, especialmente sobre o recoñecemento de macroinvertebrados ou da calidade das augas. Para rematar, traballouse no coñecemento de lendas e contos maravillosos, achegándose así á tradición oral galega vencellada aos cursos fluviais, coma ríos, pozas, lagoas, e tamén se realizou un [segundo programa](#) na emisora do centro.

**Obxectivos:** coñecemento e recoñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado co río, coñecemento e recoñecemento da fauna e flora do bosque de ribeira galego, ampliación de léxico galego, coñecemento da tradición oral do río, traballo en equipo

**Avaliación:** estas actividades foron avaliadas durante as 3 avaliación, desglosándose da seguinte maneira:

- Informe sobre punto de interese / flora e fauna / lenda: 30%
- Presentación sobre punto de interese / flora e fauna / saída 30%
- Programa radio sobre puntos de interese / flora e fauna / saída 20%

Nas aulas de 1º BACH B e C de Lingua galega achegámonos inicialmente aos elementos patrimoniais relacionados coa contorna fluvial, como lavadoiros ou muíños, valéndonos de diferentes materiais. Na saída ao río, o alumnado estivo guiado por Xosé Couñago poñendo en práctica o recoñecemento aprendido na clase e coñecendo novos datos sobre a contorna, a toponimia ou a tradición oral. Finalmente, durante a 3ª avaliación, o alumnado realizou diversos traballos sobre os elementos patrimoniais e naturais do río Lagares, que tiveron que presentar ao grupo aula.

**Obxectivos:** coñecemento e recoñecemento da fauna e flora do bosque de ribeira galego, ampliación de léxico galego, coñecemento e recoñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado co río, coñecemento da tradición oral do río.

**Avaliación:** esta actividade foi avaliada positivamente cun 1 punto (máximo), como traballo da 3ª avaliación; desglosándose da seguinte maneira:

- ata 1 punto, nunha presentación individual sobre un elemento do río Lagares e sobre o estado do tramo de río inspeccionado.

### **Daniel Barbero Patiño (1º ESO B)**

Traballo de investigación sobre a orixe do propio nome e a lingua da que procede, o que nos permitiu introducir a diversidade lingüística no mundo e o concepto de antroponimia e toponimia, explicar a súa importancia desta última en Galicia e as súas características senlleiras e explicar o significado dos topónimos e microtopónimos presentes na contorna do centro a través do proxecto colaborativo de xeolocalización “Galicia nomeada”. Neste introdución á microtoponimia realizamos a actividade “[Onde algúns só ven un río](#)”, centrándonos na riqueza microtoponímica presente nunha zona sobradamente coñecida polo noso alumnado, a desembocadura do río Lagares na zona do areal de Samil e da Calzoa, na parroquia de Coruxo.

**Avaliación:** 0,25 puntos sobre a nota do trimestre polo traballo escrito.

Introdución ao funcionamento dos dicionarios e á creación de definicións mediante o uso do xogo [Concept](#), que nos permite dar a coñecer o trazos básicos de significado (semas) dun determinado concepto definíndoo mediante pictogramas. Así, introducimos na aula o vocabulario da flora e a fauna de Galicia, prestando especial atención ao léxico relativo ás zonas costeiras e da ribeira de río, ao que engadimos o material complementario entregado polo docente.

Lectura durante o segundo trimestre das obras Dadahwat. Lendas indias norteamericanas, Popocatépetl. Lendas sudamericanas, Naiyakay. Lendas africanas, A flor da cerdeira. Lendas xaponesas e O xardín da media lúa. Lendas árabes. Despois da lectura destas obras o alumnado realizou un [traballo que lle permitiu reflexionar sobre ocontido destas e clasificalas segundo o tema](#), así como relacionalas na aula coa cultura propia de Galicia, as súas lendas e mitoloxía. Analizamos e reflexionamos con este traballo sobre o estreito vencello que existe entre a cultura e a xeografía e paisaxe, a meteoroloxía, a flora, a fauna, a natureza na que esta se desenvolve e a importancia da conservación do medio para a propia supervivencia.

**Avaliación:** ata 1 punto da nota do trimestre polo traballo dos libros de lectura.

Traballo na aula co texto “[O aceite de palma](#)”, mediante o que afondamos nas [técnicas de estudo](#) (subliñado, ideas principais, resumo e opinión persoal) e realizamos un exercicio de expresión escrita e oral que nos permite reflexionar en conxunto sobre a introdución de especies alóctonas, tanto animais como vexetais, nun ecosistema e sobre a introdución de monocultivos, así como comparar a situación de territorios como Borneo coa da nosa contorna coa introdución do eucalipto e analizar as súas causas e consecuencias. Así mesmo, aproveitamos a actividade para introducir e repasar o léxico relativo ás árbores autóctonas, nomeadamente aquel presente na ribeira de río.

**Avaliación:** 0,25 puntos da nota do trimestre polo traballo escrito.

Expresión oral a partir da proxección das curtametraxes de SteveCutts “[Man](#)”, “[Man 2020](#)”, “[Wakeupcall](#)” e “[TheTurningPoint](#)”, que nos permitiron reflexionar en grupo sobre a protección e conservación da biodiversidade e do medio, a xestión dos recursos e do lixo, a obsolescencia programada, o decrecemento e a responsabilidade e consecuencias das propias accións.

**Obxectivos:** fomentar a aprendizaxe de léxico relacionado coa flora e a fauna en xeral e autóctona en particular; producir discursos orais e escritos axeitados en distintos rexistros, coherentes e ben organizados; potenciar o pensamento crítico e diverxente e coñecer e valorar a nosa contorna e os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e natural de Galicia, así como participar na súa conservación e mellora.

### ➤ **Filosofía**

Desde o Departamento de Filosofía traballáronse contidos relacionados coa observación filosófica a través do sendeirismo. A encargada de transmitir estes contidos a través de aulas maxistras na aula foi a profesora Iseo, que traballou co alumnado de 1º BACH C. A seguir, mostramos un breve resumo feito pola profesora encargada de traballar cos anteditos contidos.

#### **Edit Iseo Bolaños (1º BACH C)**

Na colaboración co Proxecto O Noso Lagares en 1º BACH de Filosofía centrámonos nos conceptos de Ecofilosofía ou da observación filosófica e a meditación, achegando ao alumnado unha serie de materiais achegados pola profesora. A segunda parte do proxecto consistiu nun exercicio de observación filosófica a través do sendeirismo durante a saída polo percorrido polo río Lagares; que frutificou nun traballo consistente nunha presentación en ppt que fixeron os distintos equipos en cada un dos cursos.

Así pois, resultou un exercicio positivo, pois iniciáronse na habilidade de visualizar lugares reais na natureza, combinando a filosofía e o sendeirismo, vencellándoas entre si.

**Obxectivos:** coñecemento e recoñecemento do sendeirismo como unha actividade na que fomentar a observación filosófica e a meditación. Ademais, coa presentación tamén traballamos a expresión escrita, o traballo coas TICs, a expresión oral e o debate.

**Avaliación:** esta actividade foi avaliada durante as 3 avaliacións, desglosándose da seguinte maneira: ata 1 punto da nota do trimestre pola presentación grupal.

#### **d) Outras actuacións**

- Onda Candeira – Proxecto *O Noso Lagares*

Ao longo do primeiro trimestre botouse a andar Onda Candeira, a emisora do noso centro, unha das principais actividades dinamizadoras durante todo o curso, coa gravación de programas de todo tipo nos que participou alumnado moi variado. Para o *Proxecto O Noso Lagares*, o alumnado de 1º ESO realizou dous programas durante o curso:

[O Noso Lagares 1: "O patrimonio do río Lagares" \(5/12/2023\)](#)

[O Noso Lagares 2: "A flora e a fauna do río Lagares" \(15/5/2023\)](#)

- Visionado documental

O visionado e posterior debate no ámbito da creación documental activista ecoloxista foi promovido desde o profesorado do proxecto, coa emisión nas aulas de diferentes exemplos que deran ideas o noso alumnado. Finalmente, por falta de tempo, non se puido realizar a actividade da creación dun vídeo documental activista.

#### **e) Actuacións programadas non realizadas**

- Un dos obxectivos programados ao comezo do proxecto foi a organización de charlas formativas no noso centro con persoas especialistas no Proxecto Ríos ou no patrimonio cultural do Concello de Vigo arredor do río Lagares, mais a falta de tempo e dun orzamento acorde a estas posibilidades impediron a súa celebración.
- Outra das actividades programadas era a realización dun vídeo-documental activista, con imaxes do estado actual do leito do río Lagares e/ou entrevistas a xente implicada co fin da súa difusión para mellorar a situación, que finalmente non se puido realizar por falta de tempo.

### **4. Avaliación: Instrumentos de avaliación utilizados e resultados obtidos**

#### **a) Criterios e indicadores para a avaliación**

O proceso de avaliación do proxecto realizouse a través de diferentes indicadores, que pasaremos a comentar seguidamente:

- Avaliación externa por parte de diferentes axentes colaboradores

As impresións transmitidas por todas as persoas colaboradoras no proxecto foron óptimas tanto na realización das saídas, como nos resultados obtidos do traballo realizado. Por unha parte, as persoas e entidades colaboradoras, como Paco Bañobre ou Xosé Couñago, transmitiron á coordinación a súa gratitude por ter participado neste proxecto expansivo que é O Noso Lagares. Por outra parte, o profesorado implicado tamén demostrou a súa complicidade co proxecto en todo momento. Ademais, o alumnado traballou, tanto nas saídas como nas aulas dunha maneira entusiasta, atenta e cooperativa.

➤ Extensión da rede social

Neste proxecto participaron 108 alumnos e alumnas, 5 persoas do profesorado e 2 persoas colaboradoras. Xa que logo, finalmente acadamos un total de 115 persoas implicadas no Proxecto *O Noso Lagares*.

➤ Audiencias na canle de Ivoox da emisora de radio

En canto ás audiencias dos programas de radio realizados e aloxados en Onda Candeira, a día 24/5/24 contan con 50 escoitas. Ademais, despois dun acordo coa radio local de Vigo, Radio Piratona, os programas de Onda Candeira emitíronse desde o mes de febreiro para toda a área metropolitana de Vigo polo [106.1 do dial](#), chegando a un potencial público de 200.000 persoas máis que escoitan a radio nesta ampla zona do sur da provincia de Pontevedra.

➤ Lectores potenciais da prensa impresa e da prensa dixital

Un dos puntos fortes do proxecto foi a comunicación establecida coa prensa local, pois dende a coordinación do proxecto se enviou á prensa local (Faro de Vigo, Atlántico Diario) [información](#) acerca de diferentes actividades. Finalmente, e tras diferentes comunicacións, tanto o xornal [Atlántico Diario](#) como o [Faro de Vigo](#) publicaron nas súas páxinas senllos artigos, nos que se explicaban as características do proxecto

Segundo o estudo de audiencia dos xornais galegos de 2023, o Faro de Vigo leno unhas 170000 persoas, polo que estamos convencidos que esta foi unha das maiores difusión que puido ter o proxecto. Ademais, se contamos que esta [nova tamén foi publicada na súa versión dixital](#) e na conta de Facebook do Faro de Vigo, que ten 338 mil seguidores; chegaremos a un número potencial de arredor de 500.000 persoas. Por outra parte, a nova no Atlántico Diario só foi publicada na súa versión en papel, que chega a unhas 10000 persoas, polo que o impacto final do proxecto sería dunhas 510.000 persoas en total.

## **b) Medidas de difusión do proxecto**

O *Proxecto O Noso Lagares* converteuse nun tema de traballo educativo do centro e mobilizou os principais recursos comunicativos internos: traballo nas aulas, organización de actividades escolares e extraescolares, difusión cara dentro e fóra nas redes sociais, na emisora do noso centro, tentando tamén que os medios de comunicación locais e autonómicos se fixesen eco da difusión do proxecto. A seguir vai un pequeno resumo de cada un dos métodos de difusión con cadansúa ligazón xustificativa.

➤ Web institucional do centro

Un dos principais medios de difusión foi o [Blog das Actividades de Lingua galega](#), aloxado na web institucional do centro, onde se foron partillando as [diferentes actividades](#). Ademais, a través do [Logo dos Plan Proxecta](#) incrustado no panel da web institucional tamén se pode acceder a un resumo das actividades realizadas, así como ao documento fundacional do proxecto e mesmo a esta memoria..

- Emisora

[A emisora do IES Politécnico - Onda Candeira](#) - foi outro dos puntos importantes sobre o que xirou o traballo, pois parte do alumnado traballou na guionización, locución e gravación dos programas do proxecto.

- Medios de comunicación locais

Un dos medios de difusión máis importantes o proxecto foi, sen dúbida ningunha, o [artigo](#) que o 14/5/24 publicou María Bueno, reporteira do Faro de Vigo, que se puxo en contacto coa coordinación para facelo e grazas ao que chegamos a un potencial público de 500.000 persoas. Outra acción importante foi a [publicación en Atlántico Diario](#), cunha audiencia potencial de 10.000 persoas.

## 5. Profesorado

- **Participante inicial**

*Henrique Salvador Estévez Hernández*, coordinador e docente de Lingua e literatura galega e Proxecto Competencial

*Daniel Barbero Patiño*, docente de Lingua e literatura galega

*María Victoria Villar Freire*, docente de Bioloxía e Xeoloxía e Proxecto Competencial

*Xoán Xosé Santos Costa*, docente de Bioloxía e Xeoloxía

- **Engadido posteriormente durante o desenvolvemento do proxecto**

*Edit Iseo Bolaños*, docente de Filosofía

## 6. Bibliografía

*O mar e os ríos*. Xaquín Lorenzo. Galaxia 1982

*O país dos mil ríos* Xosé Lois Ripalda. Editorial Galaxia 2009

*As troitas, miñas señoras*. Juan José Moralejo Álvarez. Editorial Galaxia. 2ª edición 2005

*As lavadeiras -lendas e imaxes das donas do río-* Mari Vega Cerqueiro. Follas Novas. A nosa Terra 2002

*A pesca tradicional nos ríos de Galiza. Caneiros, pescos e pesqueiras*. Lois Ladra . Editorial Sotelo Blanco. 2008

- **Webgrafía**

[Proxecto Ríos / Asociación Ecoloxista ADEGA](#)

[A vida nos ríos galegos / Lagares Vivo](#)

[Método de elaboración dun herbario escolar](#)

[As lendas dos ríos / Lendas de augas - Galicia Encantada](#)

[O muíño na cultura popular galega - Wikipedia](#)

[O Oficio De Lavar - Fundación Alexandre Bóveda](#)

[O PATRIMONIO VENCELLADO AOS RÍOS E MANANCIAS DE GALICIA](#)

[Ecosofía: Ecoloxía e Producción de Subxectividade. De Guattari ao Ciborg](#)

[Ecofilosofía](#)

[Filosofía y senderismo para centros educativos](#)

# ANEXOS

Por cuestións de peso nestes Anexos, na seguinte ligazón atópase o documento xustificativo do traballo feito polo profesorado e o alumnado como resultado das actividades propostas durante o desenvolvemento do *Proxecto O Noso Lagares*, proxecto ao abeiro dos Plans Proxecta realizados durante o curso 2023-2024 no IES Politécnico (Vigo):

Ligazón: [Anexos "O Noso Lagares"](#)